

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 26.06.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 26 de xuño de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 25355 (10/POC-004164)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 7 máis
Sobre o número de procedementos de declaración de bens de interese cultural iniciados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desde o ano 2010
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018
- 1.2 27723 (10/POC-004478)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e o Ordenación Universitaria en relación coa presenza de pais e nais de alumnos acompañados de avogados ou avogadas nas entrevistas que se desenvolven nos casos de corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia escolar, a súa opinión referida á procedencia de adoptar algún tipo de medida de apoio ante estas situacións, así como a actuación pola Xunta de Galicia nalgún procedemento contencioso-administrativo a consecuencia dalgún recurso contra a resolución dalgún procedemento corrector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018
- 1.3 31832 (10/POC-005016)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a participación de centros escolares de Marín e Pontevedra nas actividades de exaltación militar e castrense levadas a cabo con motivo da conmemoración o día 1 de xuño de 2018 do 75 aniversario do asentamento da Escola Naval en Marín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018
- 1.4 31958 (10/POC-005035)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a reforma do CEIP de

Calo, no concello de Teo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 31394 (10/PNC-002541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a asunción polo Goberno galego da xestión do Conservatorio Profesional de Música de Lalín

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018

2.2 32048 (10/PNC-002610)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para permitir a absorción polo IES Rego de Trabe, do concello de Culleredo, do alumnado procedentes dos centros adscritos, nomeadamente dos doce alumnos procedentes dos CEIP Sofía Casanova e Isaac Díaz Pardo, a creación do mapa de zonificación escolar do municipio, así como a oferta de escola pública, gratuíta e de calidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar, na data 19/06/2018 14:27:22

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Antonio Mouriño Villar	P
Vicepresidenta	
Teresa Egerique Mosquera	P
Secretaria	
Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
César Manuel Fernández Gil	P
Carlos Gómez Salgado	P
María Isabel Novo Fariña	P
Olalla Rodil Fernández	BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 25355(10/POC-004164)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 7 máis

Sobre o número de procedementos de declaración de bens de interese cultural iniciados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desde o ano 2010

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2018 13:27
Nº Rexistro: 25355
Data envío: 06/02/2018 13:27:34.208

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mourinho Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia, segundo o artigo 2.1. da Lei 5/2016 do Patrimonio cultural de Galicia.

Unha competencia exclusiva que non exclúinte, toda vez que a propia Lei reconece a necesidade de establecer canles de cooperación con outras administracións públicas, particularmente a Administración do Estado e os Concellos ao tempo que determina que a protección do patrimonio cultural debe ser unha peza clave nas políticas sectoriais de múltiples departamentos moi vinculados ou afectados polas competencias que desenvolven.

A protección do patrimonio cultural debe ser unha tarefa conxunta e unha sensibilidade compartida, porque só desde a acción conxunta público-privada podemos acadar unha valorización do noso patrimonio que nos permita legar ás xeracións futuras.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o principal organismo impulsor da incoación de expedientes para a declaración de Bens de Interese Patrimonial.

Non é sinxelo artellar un expediente para a declaración dun BIC porque, normalmente, necesita de información precisa, de diferentes ámbitos académicos e de investigación para poder subliñar o carácter singular que ratifique, xustifique e motive o porqué da declaración.

Unha declaración que terá consecuencias no ámbito xurídico e, polo tanto, tamén debe ofrecer seguridade xurídica na súa incoación.

Entre as liñas de traballo da Consellería, está precisamente, a incoación de expedientes para a declaración de BIC de manifestacións do noso patrimonio tanto inmoebles como mobles ou inmateriais.

Neste sentido, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2018 13:27
Nº Rexistro: 25355
Data envío: 06/02/2018 13:27:34.208

Cantos procedementos de declaración de bens de interese cultural iniciou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desde 2010?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 06/02/2018 13:24:41

César Manuel Fernández Gil na data 06/02/2018 13:24:51

Teresa Egerique Mosquera na data 06/02/2018 13:24:54

Carlos Gómez Salgado na data 06/02/2018 13:25:02

Carlos Enrique López Crespo na data 06/02/2018 13:25:10

Antonio Mouriño Villar na data 06/02/2018 13:25:17

Moisés Rodríguez Pérez na data 06/02/2018 13:25:25

Martín Fernández Prado na data 06/02/2018 13:25:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 27723(10/POC-004478)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e o Ordenación Universitaria en relación coa presenza de pais e nais de alumnos acompañados de avogados ou avogadas nas entrevistas que se desenvolven nos casos de corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia escolar, a súa opinión referida á procedencia de adoptar algún tipo de medida de apoio ante estas situacións, así como a actuación pola Xunta de Galicia nalgún procedemento contencioso-administrativo a consecuencia dalgún recurso contra a resolución dalgún procedemento corrector

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar regula na nosa comunidade autónoma, entre outros aspectos, a corrección das condutas contrarias á convivencia escolar.

Tal e como se incide na exposición de motivos do dito Decreto, “introdúcese o termo de corrección ou medida correctora coa pretensión de subliñar que os procesos de corrección non constitúen unicamente a consecuencia do exercicio da potestade sancionadora da Administración senón que, fundamentalmente, forman parte do desenvolvemento educativo do alumnado”.

Queda fóra de toda cuestión que a finalidade das medidas é educativa e non punitiva, é dicir, coa finalidade de castigar a conduta.

Non obstante, en determinados supostos esas medidas requiren a instrución dun expediente administrativo, xa que así o establece o artigo 37.1 ao estipular que “No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 deste decreto deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV do presente título”.

Como tal procedemento, os seus aspectos veñen determinados, ademais de no Decreto 8/2015, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pese á existencia dunha guía para os centros dispoñible na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a aclaración existente, dada a aparente contradición, sobre que o carecer de natureza



Grupo Parlamentario

sancionadora [o procedemento corrector], tratándose dun proceso propiamente educativo, as medidas correctoras impostas, de conformidade coa Lei 4/2011, son inmediatamente executivas, este grupo parlamentario ten coñecemento da presenza, cada vez máis frecuente, de pais e nais de alumnado obxecto deste tipo de procedementos acompañados de avogados ou avogadas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O feito de que a tramitación administrativa estea encomendada o profesorado e que este, en xeral, non é experto en tramitación administrativa, leva necesariamente a un escenario de incerteza cando ese profesorado debe interactuar con expertos no asunto.

Tamén se teñen detectado casos de procedementos que son anulados na xurisdición contencioso-administrativa por defectos formais, o que supón que os docentes que instrúen e os propios centros sofren un dobre castigo, ao verse cuestionados dende o punto de vista educativo e tamén como tramitadores do procedemento.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da presenza de pais e nais acompañados de avogados ou avogadas nas entrevistas que se desenvolven nos casos de corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia, que valoración fai dese feito?

2ª) Considera que é procedente adoptar algún tipo de medida de apoio ante estas situacións?

3ª) Ten actuado a Xunta de Galicia nalgún procedemento contencioso-administrativo como consecuencia dalgún recurso contra a resolución dalgún procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, de ser o caso, cal foi o resultado?

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27723



Data envío: 12/03/2018 14:08:07.319



Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/03/2018 14:03:56

María de la Concepción Burgo López na data 12/03/2018 14:04:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 31832(10/POC-005016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a participación de centros escolares de Marín e Pontevedra nas actividades de exaltación militar e castrense levadas a cabo con motivo da conmemoración o día 1 de xuño de 2018 do 75 aniversario do asentamento da Escola Naval en Marín

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:20
Nº Rexistro: 31832
Data envío: 04/06/2018 11:20:04.088

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado venres 1 de xuño tivo lugar a Segunda carreira escolar “Botón de Ancla”, organizada pola Escola Naval Militar e o Concello de Marín. Nesta actividade, que forma parte dos actos de conmemoración do 75 aniversario da instalación da Escola Naval en Marín.

Na citada proba deportiva, desenvolvida en horario escolar, participaron – segundo os medios de comunicación- máis de 1.200 escolares e un cento de profesores e profesoras de colexios de Marín e Pontevedra: Inmaculada, San Narciso, Carballal, Sequelo, A Laxe e Salvador Moreno.

Ademais da carreira escolar, o programa de actos incluíu outras actividades lúdicas e recreativas como xogos, inchables e animación nas instalacións deportivas do centro militar. Segundo se recolle mediante fotografías publicadas polos medios de comunicación, os escolares participaron en actividades de coñecemento e manexo de armas de grande calibre (fusís, metraladoras, canons, etc).

A xuízo do BNG, a participación de escolares en actos de exaltación militar e castrense é absolutamente contraria aos valores que debe transmitir a escola. E ademais



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:20
Nº Rexistro: 31832
Data envío: 04/06/2018 11:20:04.088

constitúe un acto de manipulación e adoctrinamento de nenos e nenas que resulta ofensivo nun estado que se di democrático.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Autorizou a Xunta de Galiza a participación de centros escolares de Marín e Pontevedra en actividades de exhaltación militar e castrense?
2. Comparte o goberno galego participación de nenos e nenas en actividades de coñecemento e manexo de armas?
3. Considera a Xunta de Galiza que estas actividades supoñen a manipulación e adoctrinamento dos nenos e nenas?
4. Participou a Xunta de Galiza no financiamento destas actividades?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:20
Nº Rexistro: 31832
Data envío: 04/06/2018 11:20:04.088

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2018 11:19:07

María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2018 11:19:12

Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2018 11:19:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/06/2018 11:19:15

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2018 11:19:16

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2018 11:19:17

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 31958(10/POC-005035)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a reforma do
CEIP de Calo, no concello de Teo

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**, relativa ao estado de conservación do CEIP de Calo en Teo.

Recortes reiterados e abandono, eses foron os dous piares da política do Partido Popular respecto á conservación e mantemento dos centros educativos do país.

Unha partida que pasou de algo máis de 11 millóns e medio de euros en 2008, a 4.650.000 euros nestes últimos orzamentos, que en termos reais, isto é descontando as variacións do IPC, supón case un 70% menos. Un 70% menos que se traduce en aulas en mal estado, alumnado en clase con abrigo, cubertas que seguen tendo amianto e, en definitiva, ausencias graves de infraestrutura escolar nun parque escolar avellentado.

Neste senso, as deficiencias nas escolas acumúlanse, tal e como acontece no CEIP de Calo en Teo datado en 1975.

É dicir, estamos diante dunha infraestrutura escolar de case cincuenta anos de vida, pouco adecuada ás necesidades educativas de hoxe.

Entre as múltiples deficiencias denunciadas pola propia comunidade educativa cabe destacar: problemas de accesibilidade, ausencia de equipamentos básicos como ximnasio, salón de actos e laboratorio, biblioteca e comedor claramente insuficientes, cociña e baños en mal estado e patio cuberto con pingueiras e moi escaso para a número de alumnas e alumnos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:38
Nº Rexistro: 31958
Data envío: 06/06/2018 16:38:00.091



Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Cando vai acometer o Goberno galego a reforma no CEIP de Calo?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 06/06/2018 16:33:15

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/06/2018 16:33:23

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 31394(10/PNC-002541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a asunción polo Goberno galego da xestión do
Conservatorio Profesional de Música de Lalín

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 11:37
Nº Rexistro: 31394
Data envío: 28/05/2018 11:37:32.062

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Conservatorio Profesional de Música de Lalín ten actualmente 160 alumnos, un cadro de 12 profesores (6 a xornada completa e 6 a media xornada) e unha praza de conserxe e outra de persoal de limpeza. O seu orzamento anual de gastos é de 321.986,08 euros, mentres que conta con 94.983,50 euros de ingresos, polo que a maior parte do financiamento, isto é 227.002,58 euros, corre por conta do concello de Lalín. O resto dos ingresos proceden do pagamento de taxas (77.983,30 euros) e da subvención da Deputación Provincial (17.000 euros).

Cómpre ter en conta que se trata dunha competencia en materia educativa, que non lle corresponde ao concello. Ao mesmo tempo, a alumnado do centro procede de diferentes municipios da comarca, polo que non parece lóxico que se financie maioritariamente con achegas do concello de Lalín.

O Conservatorio presta un servizo fundamental para a formación musical de mozos e mozas da comarca do Deza, e entre o seu alumnado figuran integrantes das bandas de música da zona como a de Lalín, Vilatuxe, Muimenta ou Prado. De non



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 11:37
Nº Rexistro: 31394

Data envío: 28/05/2018 11:37:32.062

existir un centro destas características, estes mozos e mozas terían que desprazarse a Santiago ou a Pontevedra para cursar os estudos musicais.

Dado que se trata dunha actividade de carácter educativo que non é de competencia municipal, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a asumir a xestión do conservatorio profesional de música de Lalín.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 11:37
Nº Rexistro: 31394
Data envío: 28/05/2018 11:37:32.062

Xosé Luis Bará Torres na data 28/05/2018 11:36:35

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2018 11:36:40

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 11:36:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/05/2018 11:36:43

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2018 11:36:45

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 11:36:46

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 32048(10/PNC-002610)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para permitir a absorción polo IES Rego de Trabe, do concello de Culleredo, do alumnado procedentes dos centros adscritos, nomeadamente dos doce alumnos procedentes dos CEIP Sofía Casanova e Isaac Díaz Pardo, a creación do mapa de zonificación escolar do municipio, así como a oferta de escola pública, gratuíta e de calidade

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **EN MAREA**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª**, relativa á escolarización dos alumnos de Culleredo procedentes dos centros adscritos Sofía Casanova e do Isaac Díaz Pardo no IES REGO DA TRABE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula no seu capítulo III do título II, rubricado «Equidade na educación», a escolarización en centros públicos e privados concertados, e establece que as administracións educativas deberán regular a admisión do alumnado de tal forma que se garanta o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e **a liberdade de elección de centro por parte de nais, pais, titoras e titores.**

O Decreto 254/2012 establece na exposición de motivos esta liberdade de elección de centro por parte das nais e pais, así como das titoras.

No artigo 4 recolle os requisitos de admisión nun centro docente, de idade e académicos exixidos polo ordenamento xurídico vixente.

Como criterios xerais de admisión do alumnado no artigo 9.2 di “*nos procedementos de admisión de alumnado nos centros a que se refire o presente decreto, cando non existan prazas suficientes terá prioridade aquel que proceda dos centros de educación infantil, educación primaria ou educación secundaria obrigatoria que, respectivamente, teñan adscritos.*”

A demanda de prazas para o instituto Rego da Trabe superou xa a oferta. O



centro que resolvera o problema facendo 4 aulas no primeiro e segundo curso de da Educación Secundaria Obrigatoria decidiu eliminar a 4ª aula extra co que deixa fóra a 12 alumnas e alumnos procedentes de centros adscritos.

Para o curso 2018-2019 oferta simplemente 90 prazas para 3 clases, xa que é un instituto liña 3, é dicir, 3 aulas por nivel, e isto provoca que os alumnos que veñen de colexios adscritos, do CEIP Sofía Casanova e do CEIP Isaac Díaz Pardo, quedaran sen praza no prazo de solicitude para 1º de ESO.

A Xunta de Galicia confirmou a supresión da cuarta aula extra, os rapaces que se queden sen praza irán ao instituto Blanco Amor, que incorporou o bacharelato por petición destas familias afectadas pola supresión da 4º aula no instituto Rego da Trabe, instituto que está máis lonxe das vivendas das familias, e para o que non contan con servizo de autobús.

Parece bastante fácil a solución, sempre será menor o custo da escolarización deste alumnado no Instituto Rego da Trabe, que o mantemento dun servizo de autobús para 12 nenas e nenos que ocasionaría a súa derivación ao instituto Blanco Amor, posto que as familias non contan con este servizo, e tamén evitará os desprazamentos das familias coas crianzas ata o instituto Blanco Amor, amén da integración do alumnado cos seus compañeiros e compañeiras cos que estudaron toda a vida.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a :

1.- Permitir a escolarización dos 12 alumnos/as procedentes dos centros adscritos Sofía Casanova e do Isaac Díaz Pardo no IES REGO DA TRABE, a través da cuarta aula suprimida.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32048
Data envío: 07/06/2018 16:24:49.357



2.- Modificar a liña 3 por liña 4 do instituto IES Rego da Trabe para permitir a absorción do alumnado procedente dos centros adscritos.

3.- Crear o mapa de zonificación escolar do Concello de Culleredo.

4.- Ofertar escola pública, gratuíta e de calidade.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/06/2018 16:15:31

Luca Chao Pérez na data 07/06/2018 16:15:39

Luis Villares Naveira na data 07/06/2018 16:15:46